



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

**DECRETO 028/2009.**

## **CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA**

En virtude do disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, 41.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Extraordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	<b>EXTRAORDINARIA</b>
Data da Sesión:.....	<b>9 de febreiro de 2009</b>
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	<b>8:30 horas</b>
<i>(a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)</i>	

### **ORDE DO DÍA**

- 1. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2009.**
- 2. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA PROPOSTA PARA EVITAR QUE RENFE SUPRIMA AS PARADAS NAS ESTACIÓNS DE GUITIRIZ, CURTIS, BETANZOS CIDADE E PONTEDEUME.**
- 3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE MESÍA ASÍ COMO DA FIXACIÓN DOS MÉRITOS ESPECÍFICOS.**

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 5 de febreiro de 2009.

O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.

Ante min,

A secretaria - accidental,

D<sup>a</sup> Carmen Blanco Villares.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2009.**

### **ALCALDE:**

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

### **CONCELLEIRO/AS:**

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D. Adolfo Grobas Vázquez PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

D. Manoel Bello Salvado. BNG

### **Non asiste e se excusa:**

D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez. PP

### **SECRETARIA - ACCIDENTAL :**

D<sup>a</sup> Carmen Blanco Villares.

En Mesía, a 9 de febreiro de 2009, sendo as oito horas e trinta e cinco minutos, na Casa da Cultura, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

## **1. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2009.**

O sr. Alcalde pásalle a palabra a Secretaria – accidental que fai lectura da proposta que o seu teor literal di:

*“Visto o proxecto dos Orzamentos Xerais do Concello para o exercicio económico 2009 formado por esta Alcaldía, de acordo co disposto no artigo 162 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 18 do Real Decreto 500/1990, informado pola Secretaría- Intervención deste Concello e cos documentos os que fai referencia o artigo 166 do Texto Refundido.*

*O Presidente desta Corporación propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.** Aprobar inicialmente, de conformidade co establecido no artigo 112 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 168 do texto refundido, o Orzamento Xeral do concello de Mesía para o exercicio 2009, xunto cos seus anexos e documentación complementaria, que presenta, como resumo por capítulos orzamentarios, expresados en euros, a seguinte desagregación. Ademais, aprobase o cadro de persoal correspondente ó exercicio 2009.*

**ORZAMENTO XERAL ANO 2009**



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## Estado de ingresos

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA		
<b>A) INGRESOS, RESUMES POR CAPÍTULO</b>		
<b>1. OPERACIÓN CORRENTES</b>		
CAPÍTULO I	IMPOSTOS DIRECTOS	316.200,00
CAPÍTULO II	IMPOSTOS INDIRECTOS	35.000,00
CAPÍTULO III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	168.249,31
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	983.947,95
CAPÍTULO V	INGRESOS PATRIMONIAIS	16.500,00
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		<b>1.519.897,26</b>
<b>2. OPERACIÓN DE CAPITAL</b>		
CAPÍTULO VI	ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	766.046,41
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	2.000,00
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		<b>768.046,41</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO XERAL</b>		<b>2.287.943,67</b>

## Estado de gastos

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA		
<b>B) GASTOS, RESUMES POR CAPÍTULO</b>		
<b>1. OPERACIÓN CORRENTES</b>		
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSOAL	617.700,00
CAPÍTULO II	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	583.500,00
CAPÍTULO III	GASTOS FINANCEIROS	10.000,00
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	105.000,00
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		<b>1.316.200,00</b>
<b>2. OPERACIÓN DE CAPITAL</b>		
CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	950.743,67
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	2.000,00
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCEIROS	19.000,00
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		<b>971.743,67</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO XERAL</b>		<b>2.287.943,67</b>



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA

### A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Funcionarios	Nº Prazas	Grupo	Escala o Sector	Subescala	Situación
Secretario- Interventor	1	A	HN	S-I	Vacante.
Administrativo	2	C1	AG	Adva.	Propiedade
Aux. Administrativo	1	C2	AG	Adva.	Vacante
Subalerno	1	E	AG	Adva.	Propiedade

### B) PERSOAL EVENTUAL

Denominación	Nº Prazas	Vacantes
Persoal de confianza	1	1

### C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº Prazas	Vacantes
Técnico especialista en redes	1	0
Conductor - tractorista	1	1
Asistente domiciliaria	1	0
Encargada da limpeza	1	0
Limpadora	1	0
Conserxe do colexio	1	0
Peón	2	2
Auxiliar axuda no fogar	7	1
Electricista	1	1

### D) PERSOAL LABORAL TEMPORAL SUBVENCIONADO.

Denominación	Nº Prazas	Vacantes
Traballadora social	1	0
Educadora social	1	0
Auxiliar servizos sociais	2	0
Técnico de emprego	1	0
Animadora Deportiva	1	0
Auxiliar axuda no fogar	10	0
Peóns	12	0
Socorristas	3	3
Electricista	1	0
Encargado de obra	1	0
Auxiliar apoio ó deporte	1	0
Auxiliar administrativo	1	0
Informática	1	0

**Segundo.** Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2009.

**Terceiro.** Expor ó público o presente acordo e darlle a publicidade establecida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicando o pertinente anuncio no BOP, ós efectos de que no prazo dos quince días seguintes a súa publicación poidan examinalo os interesados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

**Cuarto.** O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións. Neste caso procederase a súa publicación, debidamente resumido por capítulos, no BOP."



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Comeza o Sr. alcalde explicando que se presenta ó pleno un proxecto de orzamento integrado por todos os documentos legalmente establecidos, co correspondente informe favorable de secretaría que acredita que se adapta integramente á legalidade.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que o total do orzamento ascende a 2.287.943,67 €, o que supón, un incremento de mais de 200 mil euros, con respecto o orzamento do ano 2008, que ven dado basicamente polo incremento realizado en transferencias correntes e transferencias realizadas por outras administración públicas, sendo os outros epígrafes similares o ano anterior. Así mesmo, explica o Sr. alcalde, os ingresos correntes son maiores que os gastos o que permite que o concello poida levar a cabo obras propias ou complementa a aportación municipal en outras subvencionadas por diversos organismos.

Os gastos de persoal, di o Sr. Alcalde, supoñen este ano un 27 % do orzamento total, o que supón unha redución paulatina con respecto os anos anteriores, sendo dun 30 % nos orzamentos do ano 2008 e dun 34 % no ano 2007.

Con respecto os gastos en bens correntes e servizos, continúa o sr. Alcalde, estes ascenden o 25 % do total do orzamento deste ano, contra o 27 % do ano 2008 e o 31 % do ano 2007, o supón tamén unha diminución ano tras ano, no gasto destinado a este capítulo.

Continua o Sr. Alcalde, informando que o capítulo relativo ós gastos financeiros refírese á amortización dos xuros derivados dos créditos bancarios que ten concedidos o concello o que supón o 1,2 % do orzamento, entre amortización de capital e xuros, que para un concello como Mesía é unha carga soportable.

Pasa o Sr. Alcalde a falar do cadro de persoal, dicindo que a data de hoxe atópanse traballando para o concello 51 persoas, sen embargo séguese rebaixando o gasto de persoal no orzamento xa que moitas prazas están subvencionadas mediante convenios con outras institucións e administracións públicas.

Con respecto ó plan de investimentos para o ano 2009, o Sr. Alcalde resúmeo da seguinte maneira. Vanse investir mais de 950 mil euros, o que son uns 158 millóns de pesetas, un 41 % do total do orzamento total, isto é un 4 % mais que o ano 2008, ó redor de 29 millóns de pesetas, 174 mil euros. Continúa explicando que as obras reflexadas no plan de investimentos comprenden tanto acondicionamentos e arranxos de instalacións existentes, como de infraestruturas; novas edificacións, como o almacén de Boado ou a casa consistorial; obras en relación co medio ambiente, a creación de rutas de sendeirismo, zonas verdes, parques infantís, restauración de muíños, infraestruturas rurais, arranxo de viais, etc. Ademais destas vanse levar a cabo a través doutras administración públicas obras por valor de 3 millóns de euros, o que denota o peso político que o actual equipo de goberno ostenta. Este orzamento que hoxe se presenta ó Pleno reflexa unha mostra de rigor e austeridade no gasto, rigor porque nel fanse unhas previsións axustadas, reducindo ingresos que se viu que en anos anteriores non se estaban cumprindo, e austeridade xa que se diminúe o gasto en operacións correntes, incrementando o compromiso en accións de carácter social; promoción do emprego; melloras no ámbito infantil, como son os



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

convenios en materias de ensino, mais actividades infantís, a mellora nas instalacións escolares; así como mellora en infraestruturas, implantación de novos servizos, como a rede de distribución de auga e saneamento.

Finalizada a súa exposición o Sr. Alcalde, pásalle a palabra ós distintos grupos políticos.

O portavoz do grupo municipal do BNG, en representación do mesmo, comenta que lles parece criticable facer un pleno extraordinario tanto como para a aprobación inicial do orzamento como para a aprobación das bases para a provisión do posto de Secretaría do concello, porque entenden que ambos puntos son materia dun pleno ordinario dado que, o seu entender, non teñen tanta urxencia, e como xa dixeron en diversas ocasións, si se dera cumprimento o establecido na Lei de Administración local de Galicia en relación coa periodicidade dos plenos poderíase incluír nun pleno ordinario sen ningún problema. Dito isto, o Sr. Pedreira comunica que o senso do seu vota vai ser a abstención, xa que aínda que as contas teñen unha aparencia correcta, vese que a súa formulación ó fin nunca coincide coa súa execución, xa que veñen condicionadas por modificación de créditos constantes, polo que, explica o Sr. Pedreira, maniféstanse escépticos na execución fiel das mesmas.

Por último, o Sr. Pedreira, comenta que se votou en falta algunha referencia a crise económica, tema que provoca unha gran preocupación tanto ós veciños de Mesía, como a todos os cidadáns en xeral, e tampouco viu na exposición do Sr. Alcalde referencia algunha a que haxa previsións en materia de normalización lingüística.

Toma a palabra, neste intre, o portavoz do grupo municipal do PP, D. Severino Álvarez, manifesta a súa crenza de que os documentos que forman parte do orzamento se axustan ós parámetros legais, así como que as contas de resultados ó fin atópanse niveladas, pero aclara que seguen sen ver cal é o modelo de Concello que se quere definir debéndolle dar a razón o BNG neste punto, manifesta que o Concello non ten a capacidade para realizar as súas propias actuacións nos lugares e circunstancias que considera mais necesarios, tendo que estar a expensas das convocatorias e subvencións que ofertan as distintas administracións, é dicir, como no caso de contratar un axente de emprego porque o subvenciona a Consellería de Traballo ou dotar de herba artificial un campo de fútbol porque hai un plan de dotacións na Deputación provincial da Coruña, tendo ou non o concello necesidade destas actuacións.

Continúa o Sr. Álvarez, comentando que non lle parece bo que a primeira empresa creadora de emprego do municipio sexa o concello, se ven é beneficioso para a poboación que o maior número de persoas contén cun posto de traballo.

Continúa expresando que aínda coas reducións que se fixeron en gastos de persoal e en servizos, aínda así, ó grupo municipal do PP, parécelle excesivo ese gasto, polo que manifesta a súa intención de expresar o seu voto como unha abstención, aclarando que si eles tiveran a posibilidade de redactar un orzamento faríano dun xeito moi distinto.



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra ó Sr. Alcalde, contestándolle o Sr. Álvarez, que evidentemente todo é criticable e que claro está que cada un fai as cousas de distinta maneira e que se o grupo do PP fixera os orzamentos, seguro que el tería algo que obxectar ó mesmo.

En contestación ó Sr. Pedreira, o Sr. Alcalde dille que a facultade para convocar un Pleno é do Alcalde e que o convoca cando o considera necesario, en relación coa urxencia dos temas contidos neste, por un lado dille que lle parece mais lóxico aprobar o orzamento canto antes porque así pódese ir traballando con el, por outro lado pon en coñecemento do Sr. Pedreira que o prazo para convocar o concurso para prover a praza de Secretaría termina o día dez deste mes, senón se fixera antes dese prazo sería convocada polo Estado.

Continúa o Sr. Alcalde, aclarándolle o Sr. Pedreira o feito de que se realicen tantas modificacións sobre o orzamento responde á necesidade de que o mesmo estea cadrado e moitas veces os imprevistos obrigan a ter que facer modificacións para que isto ocorra. Contestando o tema de crise, recórdalle ó Sr. Pedreira, como ben di o portavoz do grupo popular, que o concello é a primeira empresa en creación de emprego, aínda coa diminución do orzamento en gastos de persoal, é dicir están facendo unha xestión eficaz e eficiente contra a crise económica. En relación coa normalización lingüística, desculpa o Sr. Alcalde que o Sr. Pedreira non advertira na relación de persoal que hai unha persoa contratada a tal efecto, e en relación coa cultura, recórdalle o Sr. Alcalde ós Srs. Concelleiros do BNG que nunca houbo neste concello tantas actividades como agora neste ámbito.

Por último, en contestación ó exposto polo portavoz do PP, o Sr. Alcalde comenta que tamén lle gustaría ter mais posibilidade de manobra, pero cos recursos que teñen non poden facer moito, séntese agraciado de poder contar coa colaboración dos diferentes organismos para poder facer inversións que de outra maneira non se poderían facer. En relación cos gastos de persoal e en bens correntes invita ó Sr. Álvarez a que compare o orzamento con outros concellos e verá que non é un porcentaxe de gasto moi alto, todo o contrario.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: seis votos a favor, correspondentes ós Concelleiros do PsdeG-PSOE, e catro abstencións, correspondentes ós Concelleiros do BNG e do PP, aprobándose por maioría absoluta dos membros presentes.

## **2. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA PROPOSTA PARA EVITAR QUE RENFE SUPRIMA AS PARADAS NAS ESTACIÓNS DE GUITIRIZ, CURTIS, BETANZOS CIDADE E PONTEDEUME.**

A secretaria – accidental fai lectura da proposta, da que o seu teor literal di:

*“Vista a solicitude feita a este municipio polo Concello de Curtis de apoio en defensa do servizo de transporte público de ferrocarril para os concellos rurais.*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Propoño ao Pleno adoptar o seguinte acordo:*

- 1. Que RENFE manteña o servizo que presta actualmente, tendo en conta que non acurta o tempo empregado no percorrido aínda que suprima estas paradas.*
- 2. Este servizo non só afecta aos concellos de Guitiriz, Curtis, Betanzos cidade, Pontedeume, Ribas de Sil e Petín, senón que da cobertura aos concellos limítrofes nos que hai un déficit de transporte público, como é o caso do Concello de Mesía.*
- 3. Trasladarlle, de maneira urxente, esta demanda ao máximo responsable de RENFE en Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e ao Delegado do Goberno en Galicia, coa finalidade de que se manteña o servizo existente hoxe en día.*
- 4. Solicitar a todos os portavoces dos grupos políticos con representación no Parlamento Galego e nas Cortes Xerais (Congreso e Senado) o apoio para que insten a RENFE a que manteña o servizo que presta actualmente.*
- 5. Solicitar o apoio dos cidadáns mediante a recollida de sinaturas.”*

Terminada a lectura da proposta, o Sr. Alcalde explica que é unha petición que nos chega do concello de Curtis, xa que son os mais afectados pola supresión das paradas, afectando, no obstante, a varias estacións, como se explica na proposta. Continúa explicando que este concello, como moitos concello do interior están afectados por un déficit moi grande no tocante ó transporte de viaxeiros, polo que considera que é bo manter o transporte de ferrocarril.

Toma a palabra o portavoz do BNG, o Sr. Pedreira Candal, manifestándose de acordo con esta proposto polo que van votar a favor, recorda que o BNG xa ten demostrado en diversas ocasións especial interese polo transporte ferroviario, coa realización de plataformas, e diversas xestións tanto na Comunidade Autónoma e en Madrid a prol do ferrocarril, porque aínda que na nosa Comunidade non existe o tren da alta velocidade, serve de moito apoio ás zonas rurais e deberíase manter e incluso mellorar.

Intervén o portavoz do PP, D. Severino Álvarez, amosando a súa solidariedade co Concello veciño e manifestando o seu voto favorable.

Vista a declaración de voto expresada polos portavoces do grupos municipais do BNG e do PP, o Sr. Alcalde declara a proposta aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

- 3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE MESÍA ASÍ COMO DA FIXACIÓN DOS MÉRITOS ESPECÍFICOS.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía que o seu teor literal di:





# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **“APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXIRÁN NO CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE MESÍA E FIXACIÓN DOS MÉRITOS ESPECÍFICOS**

### *Exposición de motivos:*

*Considerando que o posto de Secretario - Intervenitor deste Concello se atopa vacante, e correspondendo ó Pleno da Corporación aprobar as bases da convocatoria do concurso ordinario e fixar os méritos específicos directamente relacionados coas características do posto de traballo e as súas funcións, que garanten a idoneidade do candidato para o seu desenrolo, isto de conformidade co Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, e a Lei 7/2007, de 12 de abril pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público.*

*Considerando que é intención deste Concello de Mesía afrontar un modelo de organización baseado no rigor xurídico, na mellora da xestión dos recursos humanos e na calidade, no marco da modernización das Administracións Públicas, así como afrontar con seguridade xurídica o inmediato reto que ten o Concello de Mesía para os vindeiros anos consistente na elaboración e tramitación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal.*

*Considerando o que antecede, proponse a valoración de méritos específicos que na proposta se sinalan, polos motivos que, de seguido, se expoñen:*

### *Experiencia profesional:*

*a) Tendo en conta a inminente tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal neste Concello, o que implica afrontar un expediente de singular dificultade técnica e xurídica afectado por unha normativa numerosa e complexa, e que se prolonga na súa tramitación durante varios anos, e sendo o Plan Xeral un instrumento que regulará un aspecto tan capital para un municipio como o urbanístico, materia na que, ademais, os Concellos ostentan competencias propias cada día máis numerosas, é polo que se estima pertinente valorar a experiencia dun candidato que acredite ter xa afrontado un expediente destas características.*

*b) Valórase así mesmo o exercicio da Avogacía, dado que se trata dunha profesión directamente relacionada co posto de Secretario - Intervenitor e que supón unha notable experiencia profesional no ámbito xurídico práctico e porque a dita experiencia aporta unha visión da realidade xurídica que permite non soamente unha actuación administrativa municipal tendente a evitar conflitos xurisdiccionais e, no seu caso, unha coordinación desexable cos representantes en xuízo do Concello, senón que tamén posibilitaría o feito de asumir a representación do propio Concello en procedementos xudiciais.*

### *Formación:*

*a) A valoración dos cursos/master en materia xurídico - financeira xustifícase, por unha parte, en canto ó seu contido, en que o Secretario - Intervenitor desenrola un posto de traballo de contido xurídico e económico - financeiro, polo que a preparación xurídica, económica e financeira e as súas interrelacións faise desexable, e, por outra parte, en canto á súa duración, en que os cursos de esta extensión, que se prolongan practicamente durante un ano académico, teñen un prestixio docente recoñecido e acreditan unha preparación e un coñecemento máis profundo e intenso na materia obxecto dos mesmos que o proporcionado polos cursos de inferior duración convocados de xeito ordinario para o funcionariado.*

*b) Así mesmo, considérase valorar os cursos nas materias que se indican no apartado b) de FORMACIÓN en congruencia co modelo organizativo pretendido polo Concello de Mesía, antes sinalado, e baseado no rigor xurídico, con coñecementos da normativa da nosa Comunidade Autónoma, na mellora da xerencia e a xestión dos recursos humanos e na calidade e modernización da Administración, dotando á*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

actividade administrativa de eficacia e eficiencia e incrementando a calidade dos servizos prestados ós cidadáns.

É polo que antecede que se propón ó Pleno do Concello o seguinte acordo:

**APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXIRÁN NO CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE MESÍA E FIXACIÓN DOS MÉRITOS ESPECÍFICOS**

Vista a situación de vacante na que se atopa actualmente o posto de traballo de Secretaría - Intervención deste Concello de Mesía, e de acordo co establecido no Real Decreto 1732/1994 de 29 de xullo (modificado polo Real Decreto 834/2003), sobre provisión de postos de traballo reservados a Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e vista así mesmo a disposición adicional 2ª da Lei 7/2007, de 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, o Pleno do Concello.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para a provisión do posto de traballo de Secretaría - Intervención deste Concello de Mesía e as bases que rexerán dita convocatoria.

- Concello de Mesía (A Coruña)
- Posto: Secretaría - Intervención
- Clase: 3ª
- Subescala: Secretaría - Intervención
- Situación: vacante
- Nivel complemento de destino: 24
- Complemento específico anual: 3.885,72 Euros

SEGUNDO.- Aprobar, de conformidade coa normativa de aplicación citada, os seguintes méritos específicos:

Esíxese como requisito o coñecemento do idioma galego, que se acreditará mediante a presentación, coa solicitude de participación no concurso da documentación xustificativa de estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou do seu equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Se se solicitase proba polo aspirantes, o Tribunal de valoración incorporará asesores/as especialistas en lingua galega designados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

1º. Méritos específicos:

Experiencia profesional:

a) A adquirida por servizos prestados como funcionario de Administración Local con habilitación de carácter estatal, desempeñando, mediante calquera das formas de provisión previstas no artigo 10.2 del RD 1732/1994, o posto de secretario ou secretario – interventor en Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cando durante a prestación de servizos se tramitase, con aprobación definitiva, un Plan Xeral de Ordenación Municipal, ó abeiro da Lei 9/2002, de 30 de decembro. Valoraranse os meses de prestación de servizos no período comprendido entre a aprobación inicial do Plan e a súa aprobación definitiva a razón de 0,15 puntos por mes. Máximo 2,25 puntos.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

b) *Exercicio da Avogacía na Comunidade Autónoma de Galicia. Valoraranse os meses completos de exercicio a razón de 0,10 puntos por mes. Máximo 2 puntos.*

*Formación:*

a) *Por ter realizado un curso/master en materia xurídico - financeira, impartido polo INAP, EGAP, Institutos ou Escolas oficiais de funcionarios ou universidade, cunha duración de cincocentas horas lectivas ou máis: 2 puntos. Máximo 2 puntos.*

b) *Por ter realizado cursos impartidos polo INAP, a EGAP, Institutos ou Escolas oficiais de funcionarios nas seguintes materias, coa puntuación máxima que se sinala:*

- *Curso de Dereito Público Autonómico Galego, cunha duración mínima de 68 horas lectivas: 0,50 puntos.*
- *Curso sobre as Cartas de Servizos e a Calidade na Administración Local, cunha duración mínima de vintecinco horas lectivas: 0,25 puntos.*
- *Curso sobre o Novo Réxime Xurídico das Entidades Locais, cun mínimo de vintecinco horas lectivas: 0,25 puntos.*
- *Curso sobre o Novo Estatuto Básico do Empregado Público e a Xestión de Recursos Humanos nas Entidades Locais, cun mínimo de vinte horas lectivas: 0,25 puntos.*

2º.- *Modo de acreditación dos méritos específicos:*

*A)Experiencia profesional:*

*A.1: Prestación de servizos como funcionario: mediante certificación do Concello no que se prestaron os servizos acreditativa dos extremos obxecto de valoración, indicando expresamente as datas da prestación dos servizos e as datas de aprobación inicial e definitiva do Plan Xeral.*

*A.2: Exercicio da Avogacía: mediante certificación do Colexio de Avogados correspondente.*

*B) Formación:*

*Presentación de orixinal ou copia cotexada dos títulos, diplomas ou certificados que acrediten a obtención, asistencia ou aproveitamento dos mesmos.*

*As actividades de natureza diferente ós cursos, tales como xornadas, mesas redondas, encontros, debates ou análogas, non serán obxecto de valoración.*

3º *A presente convocatoria non prevé a celebración de entrevista.*

4º.- *O Tribunal de valoración estará composto do seguinte modo:*

*a) Presidente:*

*Titular: D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía.*

*Suplente: D. Antonio Quindimil García, Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Mesía.*

*b) Vocais:*

*- Vocal 1º: Titular: Dª Berta Alonso Soto, Funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, subescala de secretaría, categoría de entrada, Secretaria do Concello de Silleda.*

*Suplente: Dalmiro Núñez Méndez, Funcionario de Administración Local con habilitación de carácter estatal, subescala de secretaría - intervención, Secretario do Concello de Oroso.*



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- Vocal 2º: Titular: D<sup>a</sup> Raquel Bahillo Varela, Funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, subescala de secretaría - intervención, Secretaria do Concello de Santa Comba.

Suplente: D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Funcionario de Administración Local con habilitación de carácter estatal, subescala de secretaría - intervención, Secretario do Concello de Moaña

- Vocal 3º: que fará as funcións de Secretario: D. Alejandro Antelo Martínez, Funcionario de Administración Local con habilitación de carácter estatal, subescala de secretaría, categoría de entrada, Secretario do Concello de Neda.

Suplente: D<sup>a</sup>. Laura Rodríguez Arranz, Funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, subescala de intervención - tesourería, Interventora do Concello de Zas.

- Vocal 4º: membro designado pola Comunidade Autónoma.

Suplente: membro designado pola Comunidade Autónoma.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia, ós efectos previstos no artigo 19 do Real Decreto 1732/1994 de 29 de xullo (modificado polo Real Decreto 834/2003), sobre provisión de postos de traballo reservados a Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e na disposición adicional 2ª da Lei 7/2007, de 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto Básico do Emprego Público. “

Explica o Sr. Alcalde, que a praza de secretaría atópase vacante en virtude de sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo que o concello debe sacar a concurso a citada praza antes do 10 de febreiro, porque senón en setembro ou outubro será convocada polo goberno do estado. Continúa explicando o Sr. Alcalde, que lles parece mais conveniente facer a convocatoria dende o concello xa que así, dos 30 puntos que se manexan para a consecución da praza, sete e medio serán establecidos polas bases municipais, tres pola Comunidade Autónoma e dezanove e medio polo goberno estatal, o que lle outorga ó concello un pequeno marxe de manobra para perfilar as características mais idóneas do candidato.

Intervén o Sr. Pedreira, portavoz do grupo municipal do BNG, preguntando porqué este ano hai que sacar a praza con tanta presa se hai tempo que está vacante.

Contesta o Sr. Alcalde que a praza está vacante dende que a sentenza é firme.

Pregunta o Sr. Pedreira, se é necesaria habilitación estatal, ó que o Sr. Alcalde di que si.

Aclaradas estas dúbidas o Sr. Pedreira manifesta a súa intención de expresar o seu voto favorable.

Toma a palabra o Sr. Álvarez Monteserín, portavoz do grupo municipal do PP, comentando que lles parece lóxico a necesidade de cubrir a praza de Secretaría no concello, sen embargo, explica que lle chaman a atención os perfís e as puntuacións establecidas nas bases. No caso dos cursos lle parece que non é xusto o sistema de puntuación que se fai en función das horas que duran, porque non é o mesmo facer un master dun ano que un curso de cincuenta horas que leva facelo dúas semanas, polo que pensan que sería mellor puntuar en franxas de dez en dez horas.



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Pregunta o Sr. Álvarez, se non se valora o coñecemento do idioma galego, o que contesta o Sr. Alcalde que se trata dun requisito indispensable reflexado nas bases.

Finaliza o portavoz do grupo municipal do PP, o Sr. Álvarez manifestando que van a absterse na votación porque consideran as bases para a provisión da praza de Secretaría do concello discriminatorias e faltas de obxectividade.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, aclarando que respectan todas as apreciacións feitas polos concelleiros, para realizar as bases, como profanos que son na materia, buscaron o asesoramento legal necesario, dada a tendencia que hai ultimamente a impugnar este tipo de procesos selectivos, polo que se intentaron buscar os parámetros mais obxectivos posibles.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: oito votos a favor, correspondentes ós Concelleiros do PsdeG-PSOE e BNG, e dúas abstencións, correspondentes ós Concelleiros do PP, aprobándose por maioría absoluta dos membros presentes.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as nove horas e dezaseis minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretaria – Interventora accidental, certifico.